

ADAPTACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA 2ª LE PORTUGUÉS 4ºESO CURSO 2019/2020

CCCC	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS e PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN		CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>SIEE</p> <p>CCEC</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e segue instrucións e consignas de aula. • Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet. 	1. Comprensión oral.	Actividades escritas a partir de escoitas en formato audiovisual ou simplemente audio con respostas breves	20%
	<ul style="list-style-type: none"> • Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala. 	2. Expresión oral	Exposicións orais breves –gravacións de audios- e intervencións na aula	20%
	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. • Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles. • Comprende: o textos adaptados relativos a temas do seu interese. 	3. Comprensión escrita.	Actividade de comprensión a partir de breves textos escritos adaptados á súa idade, coñecementos, intereses... con respostas breves.	20%
	<ul style="list-style-type: none"> • Localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos, próximos á súa idade e á súa experiencia. • Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar 	4. Expresión escrita	Textos escritos que realizará o alumnado a partir de esquemas fixos e nos cales se	20%

	<ul style="list-style-type: none"> • Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. • Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e bastantes trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. • Utiliza –con axuda do profesorado- as convencións orais e escritas básicas (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc <ul style="list-style-type: none"> • Comprende o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula. 		<p>terá en conta a riqueza lingüística e mais a presentación da tarefa (Indicacións do Caderno TIL)</p>	
<p>CCL / CD / CAA / CSIEE / CCEC</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Produce textos orais ou escritos sinxelos, respectando as indicacións do Caderno TIL e é quen de servirse de recursos literarios imitando os textos traballados na aula. 	<p>TAREFAS VOLUNTARIAS</p>	<p>Tarefas creativas, retos, lecturas...</p>	<p>Para subir nota</p>

**ADAPTACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA
LINGUA GALEGA E LITERATURA. 4ºESO 2019/2020**

1. A cualificación na avaliación ordinaria de **xuño** será a da avaliación final ou sexa a media ponderada das tres avaliacións parciais, sempre que a nota final sexa igual ou superior á nota da terceira avaliación.

A avaliación será continua e contemplarase o desenvolvemento competencial así como o grao de consecución dos obxectivos da ESO á par que a adquisición de contidos. O alumno/a poderá superar a materia por dúas vías:

- **pola vía ordinaria:**

- obtendo un 5 ou máis nos instrumentos de avaliación trimestrais de cada un dos dous primeiros trimestres presenciais
- obtendo un 5 ou máis nos instrumentos de avaliación deseñados para as aulas a distancia do terceiro trimestre

- **pola vía extraordinaria:**

- presentándose a unha proba de recuperación (telemática, se esa foi a vía de comunicación) do terceiro trimestre.
- presentándose a unha proba de recuperación (presencial, se esa foi a vía de comunicación) dos dous primeiros trimestres.

En todo caso,

- se a nota media dos tres trimestres é igual ou superior a 5, o alumno/a terá superada a materia na convocatoria de xuño.
- se a nota media dos dous primeiros trimestres é igual ou superior a 5, o alumno/a terá superada a materia na convocatoria de xuño, aínda que non realizara as tarefas sinaladas para o traballo a distancia no 3º trimestre, se ben constará o baixo desenvolvemento das competencias clave no informe individual final do alumno/a.
- se a nota do terceiro trimestre (resultado da realización de todas as tarefas propostas para o desenvolvemento do traballo a distancia) é igual ou superior a 5, o alumno/a terá superada a materia na convocatoria de xuño.

2. **No caso de que un alumno ou alumna suspenda a materia na convocatoria de xuño, deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro**, que consistirá nunha única proba escrita, semellante ás probas de Avaliación Diagnóstica (como as desenvolvidas presencialmente no final do 2º trimestre), que versará sobre o esencial traballado do 1º e 2º trimestre e requirirá a obtención da cualificación mínima de cinco (5) para aprobar a materia.

3. Ademais dos contidos conceptuais, en todas as probas, traballos e tarefas, valorarase a expresión consonte estes parámetros: adecuación (presentación correcta, rexistro apropiado e propósito claro), coherencia (información precisa, estrutura clara e parágrafos ben organizados), cohesión (uso axeitado da puntuación e enlaces, emprego adecuado de pronomes anafóricos), corrección gramatical (morfolóxica e sintáctica), corrección ortográfica e riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos, é dicir, o seguimento das indicacións recollidas no **Caderno TIL**.

1ª AVAL PRESENCIAL		2ª AVAL PRESENCIAL		3ª AVAL TRABAJO A DISTANCIA		FINAL	

OBSERVACIONES:

1. Un alumno/a cunha ou dúas avaliacións suspensas poderá considerar a avaliación final positiva, sen necesidade de realizar un exame, sempre que realice satisfactoriamente as tarefas sinaladas pola docente, a través da aula virtual, do correo electrónico ou do móbil, ao longo deste 3º trimestre.

2. Un alumno/a que non se tivese conectado ao longo do período de suspensión de clases presenciais e non tivese realizado as tarefas propostas para o desenvolvemento do traballo a distancia, poderá realizar unha **proba de recuperación final**, en caso de producirse unha reincorporación ás aulas presenciais, que será semellante á Avaliación Diagnóstica que realizamos presencialmente no final do 2º trimestre.

METODOLOXÍA

CURSO E MATERIA	TAREFAS PROPOSTAS	MEDIO DE COMUNICACIÓN
4ºESO LP	<ul style="list-style-type: none">• As tarefas pendúranse na aplicación Classroom e puntualmente a través do correo electrónico quincenalmente e indícanse os prazos de entrega (se ben son bastante flexibles) e infórmase ao alumnado por medio do correo electrónico. No caso de tarefas máis breves e puntuais pódense indicar semanalmente.• A entrega e devolución das tarefas por parte do alumnado realízase a través da aplicación Classroom ou correo electrónico e, a través destes mesmos medios soluciónanse dúbidas que xorden. <ol style="list-style-type: none">1. Actividades escritas a partir de escoitas en formato audiovisual ou simplemente audio con respostas breves (2 semanas) (20%)2. Exposicións orais breves –gravacións de audios- e intervencións na aula (2-3 semanas) (20%)3. Actividade de comprensión a partir de breves textos escritos adaptados á súa idade, coñecementos, intereses... con respostas breves. (2 semanas) (20%)4. Textos escritos que realizará o alumnado a partir de esquemas fixos e nos cales se terá en conta a riqueza lingüística e mais a presentación da tarefa (Indicacións do Caderno TIL) (2-3 semanas) (20%) <ul style="list-style-type: none">• Tarefas voluntarias co fin de subir a súa cualificación. (Tarefas creativas, retos, lecturas...)	<ul style="list-style-type: none">• CORREO ELECTRÓNICO (grupos de alumnos/as creados desde principio de curso)• ABALAR MÓBIL (comunicación inicial coas familias co fin de lle transmitir información sobre novas tarefas e a localización destas, informar ás familias da ausencia de contacto / traballo dos/as alumnos/as)• CLASSROOM (ferramenta utilizada para a xestión das clases virtuais e vencellada ao correo electrónico do alumnado)• TELÉFONO / WHATSAPP (atención personalizada e/ou grupal para consultas e explicacións sobre as actividades e os contidos)

METODOLOGÍA

CURSO E MATERIA	TAREFAS PROPOSTAS	MEDIO DE COMUNICACIÓN